

25

NOVEMBRO

Biblioteca
Deputación



SELECCIÓN DE RECURSOS
BIBLIOGRÁFICOS SOBRE VIOLENCIA DE
XÉNERO DISPONIBLES NA BIBLIOTECA DA
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



Novembro de 2023

Este ano, como cada 25 de novembro dende 1999, celébrase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, en conmemoración do asasinato das irmás Mirabal, tres activistas políticas que foron asasinadas o 25 de novembro de 1960 na República Dominicana, pola policía secreta do ditador Rafael Trujillo.

A Área de Igualdade da Deputación da Coruña puxo en marcha DE FRONTE á violencia de xénero, unha campaña e programa de actividades que apela directamente á implicación dos concellos coruñeses, estendendo a chamada á acción a calquera outra entidade da provincia. Esta campaña procura promover a creación dunha rede de administracións locais e entidades sensibles e comprometidas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero, xerando sinerxías entre elas, coa propia Deputación, e co resto da sociedade.

Entre as actividades do 2023, a Deputación da Coruña pon o foco nas violencias machistas en contextos de lecer, na festa e no ocio nocturno, tendo como público obxectivo principal a mocidade. As diversas actividades organízanse en torno a obradoiros en varios centros educativos da provincia ao longo de novembro, vídeos divulgativos e actividades.

Dende a Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña unímonos á campaña #DeFronte en contra da Violencia de Xénero da Área de Igualdade da Deputación da Coruña con diversas actividades.

Contos que rachan cadeas é un proxecto de dinamización nas bibliotecas da provincia, que consiste en orientar á mocidade da provincia á tolerancia cero cara a violencia de xénero, con lecturas e materiais audiovisuais que esperten o seu interese, para que de forma individualizada continúen investigando e afondando nos conceptos tratados. O acto terá lugar na Biblioteca da Deputación, (rúa Riego de Agua, 37, 15001 A Coruña), o día 23 de novembro ás 18:00 horas e está orientado a nenos e nenas de 13 a 17 anos, cun turno pola mañá e outro pola tarde.

Ademais, elaboramos unha guía con algúns dos recursos cos que contamos na biblioteca que tratan o tema da violencia de xénero. As seccións están divididas nos libros físicos cos que contamos; cos recursos que se atopan na nosa biblioteca dixital Ebiblio; os libros infantís e xuvenís que falan da violencia de xénero; e tamén as películas.

Todos os recursos físicos podes consultalos no catálogo da biblioteca <https://www.dacoruna.gal/biblioteca> e os recursos dixitais na biblioteca dixital <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/>

Toda a información: <https://defronte.gal>

ÍNDICE

1. Libros físicos.....	4-10
2. Libros electrónicos.....	11-14
3. Libros infantís e xuvenís.....	15
4. Cine.....	16-19

Libros físicos

1. Trilogía de la huida. Dulce Chacón

3S/3181



Tres historias narradas con voz poderosa e emocionante que os lectores recoñecen e na que se recoñecen:

A primeira das novelas recollidas neste volumen, *Algún amor que no mate*, ofrece unha perspectiva necesaria e chea de talento do drama das mulleres maltratadas a través de Prudencia, unha muller que o perdeu todo por amor, ata a súa identidade. A protagonista da segunda novela, *Blanca vuela mañana*, vive nunha loita interna permanente entre buscar e renegar o amor. E por último, *Háblame, musa, de aquel varón* narra a complexa historia dun triángulo amoroso formado por Matilde, o seu esposo Adrián e Ulises.

2. Los divinos. Laura Restrepo


3A/2294



A partir dun crime verídico, Laura Restrepo construíu esta ficción. Os personaxes que nela figuran non existen fóra do mundo imaxinado. Pero a traxedia da vítima é brutalmente real. Páxina tras páxina vanse revelando as escuras estadas que puido haber detrás, ata chegar ao brillante e ostentoso mundo dos Tutti Frutti, cinco homes novos da clase alta bogotana, vinculados entre si desde a infancia por unha irmandade xoguetonamente perversa e levemente delituosa. Ao longo das súas vidas cotiás vaíse prefigurando, inexorable como o destino, o camiño que conduce a esta transgresión intolerable, esta sorte de anuncio de Armagedón que fará estalar a resignación e a conciencia de todo un país.

3. Formas de estar lejos. Edurne Portela

3A/3201



Alicia e Matty coñécense nunha pequena vila do sur de Estados Unidos, namóranse, comezan unha vida xuntos, teñen o que se coñece como éxito. Ela deixou atrás á súa familia, os seus amigos e a Euskadi e lanzouse a unha intensa carreira universitaria; el alcanzou esa forma de felicidade estable que crean as rutinas. Pero pouco a pouco íranse desvelando as mentiras e perversións que se esconden detrás da vida perfecta, tamén as múltiples maneiras nas que o amor se confunde coas imposturas. Na distancia entre a realidade e o desexo de Alicia van crecendo novas violencias, que quizais non sempre rompen en puñadas pero que van colonizando a súa vida, desgastándoa de forma paulatina.

4. Una historia negra. Antonella Lattanzi

3S/12150



Carla e Vito levan un tempo separados, pero volveron reunirse para o aniversario da súa filla menor. Non foi un divorcio fácil. O carácter violento e celoso de Vito propiciou un inferno longo e secreto. Con todo, a cea familiar vai ben, mesmo os fillos maiores se alegran de ver o seu pai. E podería dicirse que tamén Carla: no fondo pasaron xuntos media vida e foi o seu gran amor. Todo se trastorna cando, ao fin da velada, Vito desaparece. Carla e os nenos están desesperados, aínda que non son os únicos. Hai outra muller implicada, Milena, a súa amante durante moitos anos.

5. Un mar violeta oscuro. Ayanta Barilli

3A/2945




O eco das súas feridas marcou a senda da súa liberdade. Unha maldición percorre as vidas de Elvira, Ángela e Caterina: elixir a homes que non as souberon amar.

Elvira casou con Evaristo, un demo que sementou o medo e a loucura. A súa filla Ángela renunciou a si mesma por un marido ausente, sempre nos brazos doutras, incapaz de ocuparse nin de ela nin das súas fillas. E a indómita Caterina, terceira da saga, acabou namorada doutro ser diabólico, sen ter conciencia do perigo que corría. Só Ayanta, última descendente, enfrontarase á súa herdanza transitando camiño dos recordos e da verdade.

6. Yeguas exhaustas. Bibiana Collado Cabrera

3A/5947



Unha nai, cos dedos ríxidos de tirar laranxas nun almacén e limpar pisos de vacacións. Unha filla, tamén cos dedos ríxidos, pero de teclear papeis, teses e traballos académicos. E algo que non encaixa. A sensación de que debería estar pasando algo que nunca chega a pasar. Este libro preséntanos un rosario de mulleres extenuadas. A falsa promesa do traballo duro faise cachos entre estas páxinas mentres soan Camela ou Estopa.

Yeguas exhaustas é a historia dunha filla que ten unha relación de parella daniña, que pensa nas feridas do corpo, nas tremendas diferenzas de clase e as súas implicacións, no clasismo do «mundo da cultura», no acceso ao mercado laboral...en definitiva, no avariado elevador social.

7. La disculpa. Eve Ensler

3A/4008



Xunto a millóns de mulleres, Eve Ensler leva gran parte da súa vida esperando unha disculpa. A traizón do seu pai, quen abusou dela física e sexualmente, provocoulle un sufrimento permanente e o anhelos de que un home falecido hai moito axustara as contas con ela de forma honesta. Tras anos de labor como activista contra a violencia, decidiu poñer fin á espera; esa disculpa podía formulala ela, por e para ela. En *La disculpa*, escrito desde o punto de vista do seu pai e coas palabras que desexaba escoitar, Ensler trata de transformar o abuso que sufriu servíndose dunha veracidade inquebrantable, de compaixón e unha ampla visión de futuro.

8. Hierba. Gendry-Kim, Keum Suk

3X/1043




Hierba é a historia real dunha sobrevivente: Lee Ok-Sun, unha moza coreana que durante a Guerra do Pacífico foi explotada como «muller de consolo», o eufemismo utilizado polo exército imperial xaponés para referirse ás súas escravas sexuais. A día de hoxe, aquel segue sendo un dos capítulos máis escuros do século XX.

Partindo das entrevistas que mantivo con Lee Ok-Sun nunha residencia de anciáns, a autora narrou o devir da súa infancia nun ambiente extremadamente humilde, vendida sucesivamente a varias familias adoptivas, ata que chegou a ocupación xaponesa e en 1942 foi trasladada á forza a unha base aérea en China.

9. La ternera. Aurora Freijo Corbeira


3A/4131



Un só xesto bastou para facer dela unha tenreira. Pequena, tanto que non sabe que foi colocada nun lugar que non lle corresponde. Abismo nos seus ollos de mar e a mirada chea de estupor. A súa casa non é un fogar. A casa veciña –a casa amiga– fixo dela unha carne de primeira vez, sen ter idade para iso. Agora xa todo é soidade. *La ternera* fai da contención un recurso afiado para narrar unha realidade que ninguén quere ver, a dun abuso. Fala da dor e a vergoña, da culpa imposta e do silencio como forma de resistencia. Un libro dunha altura literaria que ineludiblemente nos toca. Un libro incómodo, duro e ao mesmo tempo cheo de tenrura.

10. Perspectivas de la violencia de género. Soledad Murillo de la Vega [et al.]

3M/25990



Perspectivas de la violencia de género ofrece unha visión crítica e ampla sobre o tema máis alá do ámbito afectivo ou da parella, abordándoo nas súas diversas manifestacións (prostitución, violencia sexual, fillos e fillas, igualdade, feminismo, dereitos humanos...), cun tratamento específico dos colectivos máis vulnerables (mulleres inmigrantes, mulleres con discapacidade...) e incluíndo a intervención (autocoidados profesionais, relación de axuda, traballo en rede...) como eixos centrais para a abordaxe e erradicación do complexo fenómeno da violencia contra as mulleres.

11. ¿Por qué víctima es femenino y agresor masculino? La violencia contra la pareja y las agresiones sexuales. Enrique Echeburúa Odriozola


3M/28890



O tema da violencia contra a parella e as agresións sexuais segue sendo actualidade e os estudos avanza e demostran que existe unha asimetría clara entre home e muller en canto a agresor e vítima. É ben coñecido que o maltrato familiar e os abusos e agresións sexuais danan gravemente a moitas mulleres de distintas idades, clases sociais e culturas en todos os países e que son os homes os protagonistas destas agresións. Nesta obra recóllense os últimos estudos e teorías científicas que tratan de explicalo. Fálase sobre os danos que sofren as vítimas, das características dos agresores, e dos sistemas de prevención, de tratamento e de control para reducir estes delitos.

12. Tratamiento da violencia de xénero dende as políticas de igualdade. Ana Sánchez Bello, Ana Iglesias Galdo (coords.)

GAL/14040



Volume que recolle sete estudos de destacadas expertas nos ámbitos da crítica feminista e dos estudos xurídicos a propósito do fenómeno da violencia de xénero, as súas raíces sociais, o seu tratamento penal e outros aspectos vinculados coas políticas de igualdade.

13. La violencia contra las mujeres: el amor como coartada. Esperanza Bosch [et al.]
3M/31567



As autoras sosteñen que os mitos sobre o amor romántico están a miúdo na base da violencia contra as mulleres na parella, e seguen vixentes na nosa sociedade, e son transmitidos polos distintos canais e axentes de socialización. Estes mitos seguen actuando como potentes condicionantes á hora de definir que é o amor e que significa amar para homes e mulleres. Unha gran cantidade de exemplos dan conta disto e serven de base para unha proposta de "mapa actualizado dos mitos amorosos" como recurso útil para visualizar o estado da cuestión. Tamén aparece un novo modelo explicativo, o "modelo piramidal", aplicable aos diferentes tipos de violencia contra as mulleres.

14. Violencia de género en entornos virtuales. Trinidad Donoso-Vázquez (coord.)
3E/497



Informes internacionais recentes alertan de que o progresivo alcance de Internet e o uso xeneralizado das redes sociais converteron a ciberviolencia contra mulleres e nenas nun problema mundial. Estamos ante un fenómeno que vai máis aló do ciberespazo, pois estas manifestacións da violencia en contornas virtuais forman parte da propia estratexia de violencia que se exerce contra adolescentes, con variados procedementos sobre a capacidade de control e a súa camuflaxe nun ambiente de "normalidade".

Este libro pretende axudar a identificar as manifestacións da violencia de xénero que se producen nestas contornas, así como dar a coñecer propostas e iniciativas que se están desenvolvendo para responder ás necesidades que formula

esta realidade.


15. Libérate: cómo terminar con el maltrato y empezar una nueva vida. Ginny NiCarthy
3M/19709



Desde que se publicou por primeira vez, este libro foi unha táboa de salvación para miles de mulleres que queren liberarse dunha relación marcada polos malos tratos. Con exercicios especiais deseñados para axudar a recoñecer os abusos, a cultivar o amor propio e a decidir o que se quere dunha relación, *Libérate* ofrece consellos e apoio para construír unha nova vida, libre de problemas deste tipo. Cada capítulo trata un tema concreto e ofrece as respostas máis axeitadas.

16. Un silencio ensordecedor: la violencia ocultada contra mujeres y niños. Patrizia Romito

3M/27562



Este libro, escrito nun estilo directo e claro, versa sobre a violencia que se exerce sobre as mulleres e nenos, e sobre as estratexias de ocultamento desa violencia.

17. La violencia doméstica a través de 60 preguntas y 59 respuestas. Daniel Welzer-Lang

3M/24612



O libro sintetiza os coñecementos sobre a cuestión, contesta as preguntas que pode formularse o individuo corrente e propón novas vías para afrontar e solucionar este problema. O volume, que adopta a forma de preguntas e respostas para favorecer a claridade na exposición, divídese en cinco partes. En primeiro lugar recapitula as preguntas elementais: que se denomina violencia doméstica?, que forma adopta?, é natural? A continuación examina as crenzas e mitos sobre homes violentos e mulleres maltratadas, as maneiras como da violencia, a «función» que desempeña nas parellas e as súas diversas formas, para abordar de forma práctica diferentes recursos que demostraron poder contribuir a saír da violencia como pauta de comportamento.

18. La zona segura. Maribel Maseda Virosta

3M/32155



Maribel Maseda presenta como unha vítima de agresións e malos tratos pode abordar o final do seu sufrimento. Empeza por darlle unha base: merece ser querida e respectada, nada fíxo para padecer comportamentos violentos e debe escapar do seu agresor canto antes. A autora tamén fala a familiares e amigos das vítimas para que saiban que actitude deben adoptar para apoialas e como comportarse en diferentes situacións. Por último esta obra detalla paso a paso que pode facer unha vítima para alonxarse do seu agresor, emprender unha nova vida, con que inconvenientes se pode atopar e como actuar ante eles.

19. Máis aló do azul e do rosa: como prever a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a familia. Ana Torres Jack GAL/97933



Malia todo o que se avanzou nos últimos anos en cuestión de igualdade entre homes e mulleres, queda aínda moito camiño por andar. E boa parte desa andaina ten que facerse dende o ámbito doméstico, dende as casas, dende a acción educativa das nais e dos pais. Mais dende o fogar podemos facer moito. A autora ofrécenos dunha maneira sinxela e moi clara estratexias concretas para prever a desigualdade de xénero e a violencia machista dende a familia.

Tamén o temos en formato dixital:
<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/mais-alo-do-azul-e-do-rosa-como-prever-a-desigualdade-de-xenero-e-a-violencia-machista-desde-a-familia-00255327>

20. Violencia en el noviazgo: realidad y prevención. Marina Muñoz-Rivas 3P/1923



A violencia que ten lugar nas primeiras relacións de noivado constitúe un preámbulo da violencia nas relacións de parella adultas, configurándose un problema social de especial relevancia. En primeiro lugar, ofrecer información técnica actualizada sobre as características deste fenómeno, os factores de risco e protección asociados e modelos que explican tanto a súa orixe como mantemento, enmarcada a súa comprensión nun difícil momento evolutivo: a adolescencia. En segundo lugar, a prevención, subministrando principios de actuación xerais e de utilidade para calquera proposta de intervención nesta área. Ademais, achega información práctica para a detección de situacións de risco, así como indicacións.

21. Libres e vivas. Anxos Sumai [et al.]

GAL/17734



Levan dicíndonolo dende que o ser humano está sobre a Terra. Que non queren ser vítimas. Mais tampouco escravas. Compañeiras. Iguais. Mulleres e homes nun mundo xusto en Igualdade. Sobre estes parámetros pedímoslle a dez escritoras de primeiro nivel das nosas letras que abordasen a cuestión do machismo, do terrorismo patriarcal contra as mulleres, da liberdade, da Igualdade, para que, dende a literatura, entendamos como é o seu sentir. O resultado é este volume que tes entre as mans. Dez relatos libres coma coiteladas directas á conciencia. Querémolas. Quérense. Todas. Libres e vivas.

Libros electrónicos

1. Un detalle menor. Adanía Shibli

<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/un-detalle-menor-00376314>



Durante a guerra de 1948, os soldados dunha unidade militar israelí destacada no deserto do Néguev sobrelevan como poden a asfixiante calor das horas de sol e patrullan ao atardecer a fronteira sur do novo Estado. Nunha desas roldas atopan a unha moza palestina entre as dunas. Tras apresala e encerrala no seu campamento, viólana en grupo, máтана e entérrana na area. Moitos anos despois, na actualidade, unha moza de Ramala descobre na prensa unha pequena mención a aquel «detalle menor» da historia palestina, ocorrido vinte e cinco anos antes do día no que ela naceu. Obsesionada co crime, está disposta a investigar as circunstancias que o rodearon.

2. A mí no me iba a pasar. Laura Freixas

<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/a-mi-no-me-iba-a-pasar-una-autobiografia-con-perspectiva-de-genero-00048122>




Desde que comezou a publicar os seus escritos en 1988, Laura Freixas converteuse nunha das voces máis relevantes do feminismo español. Nesta autobiografía, a autora abre as portas, de maneira íntima e desgarradora, a unha das etapas centrais da súa vida: o matrimonio e a maternidade. E non o fai desde a suficiencia que pode dar o paso do tempo, senón todo o contrario: profundiza na súa memoria de maneira crítica e reflexiona sobre o rol feminino convencional que nunca quixo levar. É unha reflexión sobre a vida privada e o feminismo, unha mostra transparente e sincera das contradicións humanas.

Tamén en audiolibro: <https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/a-mi-no-me-iba-a-pasar-una-autobiografia-con-perspectiva-de-genero-00084085>

3. Vivas nos queremos: manual de autodefensa femenina. Sonia Vivas

<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/vivas-nos-queremos-manual-de-autodefensa-feminista-00049015>



Porque NON é e será sempre Non. Porque nos queremos libres. Pero sobre todo queremos estar VIVAS.

«Se algo doe, faite sentir mal, produce conflito, malestar ou dá medo, é ela, non o dubides, é violencia.»

Un libro para marcar as liñas vermellas do machismo, co que aprender a defendernos a nós mesmas e a detectar o que NON podemos tolerar na nosa contorna. A autodefensa pasa por coñecer os nosos dereitos, saber como actuar e a quen recorrer, pero sobre todo por detectar e non tolerar e por non ter medo, senón ferramentas.

4. Machismo: 8 pasos para quitártelo de encima. Barbijaputa

<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/machismo-8-pasos-para-quitartelo-de-encima-00059311>



«O que intenta esta guía é acabar co noso machismo. Matalo. E tendo sempre presente que é un becho que nunca morre de todo, que é como o monstro das pelis malas que, cando pensas que xa está morto, pega o susto.

Como en calquera morte, tamén na do teu propio machismo, pasa inevitablemente por unhas fases de dó: ao fin e ao cabo é un cacho de ti que se vai para non volver. Porque se unha cousa é certa é que, cando es consciente de que o machismo está dentro de ti e tamén ao teu arredor, xa non hai volta atrás. Non quererás volver ao principio nin volver a poñer a venda.»

Un libro que axudará á reinsertión dos machistas na sociedade que queremos para o século XXI, cargado da ironía e humor necesarios para poder descodificar o noso sistema de roles e crenzas impostas.

5. Eres una caca: guía para entender y desmontar el machismo. Lula Gómez
<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/eres-una-caca-guia-para-entender-y-desmontar-el-machismo-00293890>



Cantas veces escoitaches frases como «Nin machismo nin feminismo, igualismo!», «O patriarcado non existe», «É biolóxico, non se pode cambiar», «Se non houbo violencia, non é violación»? *Eres una caca*, de Lula Gómez, convida a poñernos as gafas de cor violeta e dicir basta- Este libro, con información esencial, toques de humor hilarantes e ilustracións xeniais, propón unha serie de ferramentas para que sexamos nós quen desmontemos o machismo imperante.

6. Machistadas. Rocío Vidal
<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/machistadas-00039103>




O libro ilustrado que pon en evidencia os moitos machismos e micromachismos que aínda existen no mundo. *Machistadas*, de Rocío Vidal, é un libro de tiras cómicas que, a través de experiencias reais (propias e relatadas), fala dos múltiples machismos, micromachismos e situacións que confrontan as mulleres (e, sorpresa!, os homes tamén) no seu día a día. Con moito humor, e tamén información sumamente útil, Rocío Vidal, a través do debuxo, dirá as cousas polo seu nome.

7. **Feminicidio: de la categoría político-jurídica a la justicia universal.** Graciela Atencio
<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/feminicidio-de-la-categoria-politico-juridica-a-la-justicia-universal-00144138>



Violación, tortura, escravitude sexual, incesto, maltrato físico e emocional, burla, mutilación xenital, operacións xinecolóxicas innecesarias, esterilización ou maternidade forzada... Son múltiples as formas que pode tomar a violencia contra as mulleres e desgraciadamente hai veces que implican a morte delas. Entón falamos de feminicidio, do asasinato de mulleres polo feito de ser mulleres. Non se trata dun feito illado, ocasional, senón que detrás hai situacións estruturais de subordinación, dominación e desigualdade que son específicas das mulleres. De aí que se requira unha regulamentación propia, baseada no recoñecemento do dereito das mulleres a unha vida libre de violencia.

8. **Violencias de género: persistencia y nuevas formas.** Ana Jesús López Díaz
<https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/violencias-de-genero-persistencia-y-nuevas-formas-00084078>




O libro trata aspectos legais, psicolóxicos, sociais ou económicos que é necesario coñecer para dar resposta adecuada sobre este fenómeno. Este libro recolle as contribucións de investigadoras e investigadores, de ámbitos moi diversos, á análise das distintas formas de violencia de xénero.

Libros infantís e xuvenís

1. El monstruo. Daniel Martín


N MAR mon / z



O primeiro álbum ilustrado de Daniel Martín ponnos no lugar de dous irmáns que viven cun monstro: é alto e forte e cuspe escuma pola boca. Un texto que nos axudará a reflexionar sobre a violencia que se vive nos fogares.

2. Vivo en una casa malva. Iris Díaz Trancho


N DIA viv / r



A chamada "Casa Malva" pola cor das súas paredes, é un edificio levantado en Xixón que serve de refuxio ás mulleres que foron vítimas de maltrato, así como os seus fillos e fillas. A vida destes últimos e a importancia que ten para a infancia a presenza dun fogar de referencia é o motor desta historia.

1. Te doy mis ojos. Directora: Icíar Bollaín

791 TED



Unha noite de inverno, Pilar sae fuxindo da súa casa. Leva consigo apenas catro cousas e ao seu fillo Juan. Escapa de Antonio, un marido que a maltrata e co que leva 9 anos casada. Antonio non tarda en ir buscala. Pilar é o seu sol, di, e ademais, “deulle os seus ollos”.

2. Una tragedia humana. Director: Josef Von Sternberg


791 TRA



Clive, un adolescente de orixe humilde, é acusado do asasinato de Roberta, a súa antiga noiva, que afogou en estrañas circunstancias, durante un paseo en barca. Clive estaba a piques de conquistar a unha rica herdeira, cando Roberta lle comunicou que estaba embarazada. A súa nai acompañao durante todo o proceso xudicial.

3. La teta asustada. Directora: Claudia Llosa


791 TET (azul)



Fausta ten “a teta asustada”, unha enfermidade que se transmite polo leite materno das mulleres que foron violadas ou maltratadas durante a guerra do terrorismo no Perú. Os infectados nacen sen alma, porque do susto esta agochoouse no chan, e cargan un terror atávico que os illa por completo. Pero Fausta agocha algo máis. Garda un segredo que non quere revelar, ata que a súbita morte da súa nai desencadea feitos inesperados que transformarán a súa vida e a dos outros.

4. No sin mi hija. Director: Brian Gilbert

791 NOS (azul)



Unha fascinante historia de terror e fuxida baseada en feitos reais. Betty chega a Oriente Medio acompañada da súa filla e o seu marido, para visitar á familia do seu esposo que provén desa zona. Pero a horrible realidade das “vacacións” non tarda en facerse evidente: o marido de Betty non ten a máis mínima intención de regresar aos Estados Unidos; ela pode volver, pero a súa filla ten que quedar. A súa afirmación vese avalada por séculos de tradición local e polo poder opresivo dun estado policial. Betty realiza un desesperado intento de fuga coa súa filla.

5. En tierra de hombres. Director: Niki Caro

791 ENT (azul)



Josey Aimes, unha nai soltera, regresa á súa vila natal no norte de Minnesota e, para saír adiante, busca emprego nas minas de ferro, un traballo dominado completamente por homes e onde hai unha gran discriminación por xénero. Pronto Josey verase sometida a todo tipo de humillacións por ser muller.

6. La buena estrella. Director: Ricardo Franco


791 BUE (ñ)



Rafael é un carnicero que vive só desde que un accidente de traballo o deixou impotente, pero ao coñecer a Marina rompe coa súa decisión de vivir só. Ela é unha muller á que recolle na rúa cando o seu noivo, do que espera un fillo, está dándolle unha malleira. Ademais, deixa que viva na súa casa, aínda sabendo que está embarazada. Moi pronto, ambos se pensan en cumprir un soño que ata entón lles parecía imposible: formar unha familia.


7. Pequenas Grandezas. Directoras: Andrea Varela, Aurora Rodríguez

737 PEG



Sensibilizar a través da publicación dun guión, dedicado a sensibilizar á poboación en xeral, sobre a violencia vicaria, violencia que se exerce sobre as mulleres co fin de causar o maior dano psicolóxico a través de terceiras e que alcanza o seu maior grao de crueldade co homicidio ou asasinato destas persoas”.


8. Escondite inglés. Directoras: Ana Rodríguez Suárez, Andrea Peteiro Piñeiro 791 ESC



O Certame de guións contra a violencia de xénero por motivos económicos que convoca a Deputación da Coruña. Asistiron ao acto as gañadoras, as exalumnas Ana Rodríguez e Andrea Peteiro e a profesora coordinadora Maca Rocamonde, que despois de visionar a curta 'Escondite inglés' falaron do seu significado e como viviron o proceso de gravación e a satisfacción de ver o resultado final feito.

9. Nunca máis. Alumnado do IES Moncho Valcarce das Pontes

791 NUN



A Casa Dopeso pontesa acolleu a estrea da curtametraxe «Nunca máis», unha obra audiovisual baseada no guión do alumnado do IES Moncho Valcarce, gañador do Concurso de Guións contra a violencia de xénero da Deputación da Coruña por segunda vez na súa historia.

BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

www.dacoruna.gal/biblioteca





SÓ HAI UNHA FORMA DE MIRALA

DE FRONTE

á violencia de xénero



Deputación
DA CORUÑA



IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA